

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

MASTERCLASS DE SAXOFÓN

Nome: _____

Apelidos: _____

DNI: _____

Idade: _____ Nivel (curso): _____

Centro de estudos musicais: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Modalidade na que desexa participar:

ACTIVO OÍNTE

Repertorio que presenta para traballar na masterclass:

(só no caso de alumnado ACTIVO)

MASTERCLASS DE SAXOFÓN



Profesor: David Pons

13 e 14 de Decembro de 2024

CMUS Profesional de Santiago de Compostela

DAVID PONS

Catedrático de Saxofón (CSM de Murcia)

Catedrático de Saxofón e vicedirector no Conservatorio Superior de Música de Murcia. Colaborador da Orquestra Nacional de España, é artista Instrumentomanía e primeiro saxofonista en España imaxe da prestixiosa marca de saxofones xaponesa Yanagisawa. Colaborador asiduo da Orquestra Nacional de España.

Nado en Tavernes de la Vallidigna (Valencia) no 1984, licenciase na RCSM de Madrid nas especialidades de Pedagogía e Interpretación do Saxofón con Matrícula de Honra. Máster en Xestión Cultural pola Universidade de Alcalá de Henares e Máster en Investigación e Interpretación Musical pola Universidade Internacional de Valencia (VIU).

Posúe 4 publicacións discográficas ademais de numerosos artigos online: *Original* (2015) co Octavia Saxophone Quartet, *Alma* (2017) coa pianista Sonia Sifres, *Lu2 Tonalis* (2019) con Manuel Jesús Corbacho e *Axis* (2023) con Folium Fugit Quartet.

Como solista, actuou nos congresos mundiais de St Andrews (Escocia, 2021), Estrasburgo (Francia 2015) e Las Palmas de Gran Canaria (España, 2023, estreando a obra “Paisajes de furia y niebla” de J. M Fayos no concerto de apertura con Banda Sinfónica) e europeos de Ciudad Real 2014 e Oporto 2017 . Realizou recitais en Italia, Finlandia, Portugal, Francia e a gran maioría por toda a xeografía española. Viaxa e realiza clases maxistras en diferentes países europeos.

Ao longo da súa traxectoria, foi galardoado con multitude de premios en concurso nacionais e internacionais, tanto en modalidades de solista como de música de cámara. Pero a súa actual vocación é a pedagogía e a difusión da música española.

INFORMACIÓN XERAL DO CURSO

As actividades programadas neste curso propóñense como masterclass individuais, e están dirixidas principalmente ao alumnado de grao profesional ou superior. Se quedasen prazas libres poderase matricular alumnado do grao elemental.

PROFESOR: David Pons

DATAS: Venres 13 e Sábado 14 de Decembro de 2024.

HORARIOS: Venres de 10 a 14 e de 16 a 20:15. Sábado de 09:30 a 14:30.*

* Suxeito a posibles modificacións.

LUGAR: CMUS Profesional de Santiago (Auditorio).

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN:

- O alumnado ACTIVO terá dereito a 1 clase individual e 1 clase colectiva e poderá asistir a tódalas demais clases.
- O alumnado OÍNTE poderá asistir a tódalas clases.

Os horarios das clases individuais estableceranse unha vez feita a matrícula. Terase en conta, na medida do posible, a dispoñibilidade horaria do alumnado.

PREZOS:

- ACTIVO/A (prezo xeral) 60€
- ACTIVO/A (alumnado do CMUS de Santiago) 50€
- OÍNTE 15€

MATRÍCULA:

Prazo de inscrición: ata o 10 de decembro.

As prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición, ata un máximo de 10 alumnos/as activos/as, terá preferencia o alumnado do CMUS de Santiago e de Grao Profesional e Superior.

Para realizar a matrícula deberá entregarse na secretaría do centro o boletín de inscrición xunto co xustificante do ingreso bancario. Tamén poderá enviarse por correo electrónico a cmus.santiago@edu.xunta.gal

No ingreso deberase facer constar “Masterclass de Saxofón” xunto co nome do/da alumno/a.

Nº de conta: IBAN ES04 2080 0348 30 3040011278